



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE



Xestión Clínica





Xestión Clínica

- Definición
- Configuración xurídica
- Características xerais
- Cómo se crea
- Quén pode participar
- Qué servizos





Decreto 36/2014, do 20 de marzo, polo que se regulan as Áreas de Xestión Clínica do Servizo Galego de Saúde

A Xestión Clínica defínese como o proceso de redeseño das organizacións sanitarias que promove a incorporación dos/das profesionais na xestión dos recursos utilizados na asistencia, desenvolvendo a actividade arredor de procesos asistenciais integrados baseados na mellor evidencia científica dispoñible.

Persegue facilitar a atención integral ao/á paciente, mellorar a efectividade e a eficiencia, así como a calidade e a seguridade das intervencións, favorecendo a accesibilidade e a continuidade da atención, reducindo a súa fragmentación e os tempos e procedementos de transferencia entre unidades asistenciais.



**¿Qué é a Xestión
Clínica?**



Outras definicións



Federación de Asociacións Científico Médicas Españolas:




Transferencia da capacidade e responsabilidade da toma de decisións a os profesionais, para mellorar a relación entre a calidade e o custo dos servizos

Foro da Profesión Médica de España

Modelo asistencial integrador, colaborativo e multidisciplinario que busca a mellora da eficiencia e a calidade da práctica clínica mediante a transferencia da capacidade de decisión e a responsabilización dos médicos na xestión dos recursos utilizados no seu exercicio profesional, organizando e coordinando as actividades que se xeran en torno a cada proceso asistencial



Configuración xurídica

-  Dependencia orgánica da Xerencia de Xestión Integrada
-  Sen personalidade xurídica propia
-  Mantemento do vínculo estatutario dos profesionais





Características xerais

1. Atención integral ao paciente
2. Implantación de procesos asistenciais integrados
3. Medicina baseada na evidencia
4. Corresponsabilidade e autonomía dos profesionais na toma de decisións
5. Constitución de equipos multidisciplinares
6. Implantación de obxectivos de calidade, asistenciais e económicos
7. Formación en ferramentas de xestión
8. Fomento da xestión responsable e eficiente dos recursos
9. Implantación de mecanismos de incentivación
10. Avaliación continua dos resultados



¿Cómo se crea unha Área de Xestión Clínica?

- 📄 **A proposta dun colectivo de profesionais**
- 📄 **A proposta da Dirección de Procesos Asistenciais da Xerencia de Xestión integrada correspondente, previo acordo cos profesionais**

¿Quién pode participar?

TODOS os profesionais de calquera categoría que presten servizos na Área de Xestión Clínica





¿Qué servizos se poden constituír en Área de Xestión Clínica?

Servizos de atención primaria ou hospitalaria, agrupacións de servizos ou especialidades afíns, centrados no paciente e orientados nun mesmo proceso asistencial

